

**RESOLUCIÓN DE 7 DE MARZO DE 2018 DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA AO CALENDARIO DE DÍAS FESTIVOS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR, PARA O ANO 2018**

Co fin de que todo o persoal docente e investigador (PDI) dependente da Universidade de Santiago de Compostela coñeza o calendario laboral do ano 2018, unha vez negociado na Mesa de negociación de PDI de 7 de marzo de 2018 e vistas as alegacións formuladas pola representación sindical, esta Reitoría resolve:

**PRIMEIRO. Festas non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia**

De conformidade co establecido na Resolución do 9 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Emprego, Ministerio de Emprego e Seguridade Social, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2018 (BOE do día 11 de outubro de 2017), as festas na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, son as seguintes:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
29 de marzo	Xoves Santo
30 de marzo	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	A Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

As festas mencionadas terán carácter retribuído e non recuperable, agás o 17 de maio, Día das Letras Galegas, que terá carácter recuperable.

**SEGUNDO. Festas de ámbito local non recuperables**

Segundo dispón a Resolución do 27 de novembro de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2018 (DOG do día 17 de decembro de 2017), as festas de carácter local retribuídas e non recuperables, para o ano 2018 son:

Santiago de Compostela	10 de maio	Festa da Ascensión
	16 de agosto	Festa de San Roque
Lugo	13 de febreiro	Martes de Entroido
	5 de outubro	San Froilán

### TERCEIRO. Días festivos universitarios

#### 3. 1 De carácter xeral para toda a Universidade

Nas datas que a seguir se relacionan pecharán todos os servizos da Universidade:

29 de xaneiro	Celebración da festividade de Santo Tomé de Aquino
Día da apertura de curso	Por determinar
24 de decembro	Noiteboa
31 de decembro	Fin de ano

Por coincidir en sábado os días 6 de xaneiro e 8 de decembro, festividade laboral de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble pola Comunidade Autónoma, o persoal poderá gozar de dous días máis de asuntos particulares.

#### 3. 2 Festivos dos Centros

Así mesmo serán festivos os días dos patróns dos Centros Universitarios aprobados polo Consello de Goberno no [Calendario Académico](#) de cada curso.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, se as ditas festividade coinciden en martes ou xoves, celebraranse o luns ou venres máis próximos, e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que coincidan en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

#### Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico da USC.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

O Reitor

Juan M. Vialón Rey

